



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | 2020/21 | |
| Asignatura (*) | Estudos do Libro e Edición | Código | 613584105 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016) | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Filoloxía Española e LatinaLetras | | | |
| Coordinación | Pena Sueiro, Nieves | Correo electrónico | nieves.pena.sueiro@udc.es | |
| Profesorado | Pena Sueiro, Nieves Tato Garcia, Cleofe | Correo electrónico | nieves.pena.sueiro@udc.es cleofe.tato@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo avanzado orientado o coñecemento da historia do libro e da edición. Análise da orixe e a materialidade do libro e da transmisión textual manuscrita e impresa desde a súa orixe ata a actualidade. | | | |
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos: Non hai.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas. De non poderse producir a desexable presencialidade, e dacordo coa experiencia do curso 2019-2020, é posible recurrir con relativa facilidade á docencia non presencial mediante Teams, Zoom ou outras plataformas similares, en especial para as horas expositivas. Máis complicado pode chegar ser conectar co alumnado no caso da docencia consagrada a aspectos prácticos, pois nese caso debería ser sempre en directo, non mediante grabación: doutro modo non sería posible interactuar co alumnado de forma similar á "vella normalidade" (naturalmente, non se pode descartar que se combine a docencia presencial con grupos reducidos e a docencia non presencial para as clases expositivas máis numerosas).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Mediante a aplicación Teams, previa cita coas profesoras.</p> <p>Mediante correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>En caso de que a asistencia ao evento divulgativo non poida ter lugar, buscarase unha tarefa ou unha actividade que o substitúa.</p> <p>En caso de que a proba mixta non puidera ser feita de modo presencial síncrono, Deberá manterse no posible a valoración do traballo individual do alumno dentro e fóra da aula e, desde logo, concederlle a porcentaxe da puntuación que se lle asigna na guía. Deberá procurarse que o exame, para acadar un mínimo rigor, teña lugar de xeito presencial (a través de Teams).</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>As mesmas que se incorporan na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións, aínda que, de ser o caso, cómpre proporcionar ao estudante os elementos básicos de consulta a través de Moodle, se non puidese acceder á Biblioteca.</p> | | | |



Competencias do título

| Código | Competencias do título |
|--------|---|
| A1 | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural |
| A5 | Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación |
| A6 | Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués |
| A7 | Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes |
| A9 | Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos |
| A14 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais |
| B1 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| B4 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida |
| B5 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B6 | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse |
| B7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe |
| B10 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C1 | Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva |
| C2 | Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos |
| C3 | Demostrar un compromiso ético coas desigualdades |
| C4 | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade |
| C5 | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos |
| C6 | Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares |
| C7 | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador |
| C8 | Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico |
| C9 | Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
|---|--------------------------|--------------------------|---|
| | | | |
| Saber relacionar o libro, a lectura e a edición no contexto histórico | AM1 AM5 AM7 AM9 | BP1 BP2 BP3 BP7 | CM1 CM2 CM3 |
| Ser capaz de desenvolver unha na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais | AM5 AM7 AM9 AI3 | BP1 BP2 BP3 BP7 | CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C12 C13 |
| Realizar ensaios teóricos que poidan explicar os modelos sociais e culturais dentro do ámbito de estudio. | AM5 AM6 AM7 AI3 | BP1 BP2 | CM3 |



| | | | |
|--|---------------------------------|---------------------------------|-------------------|
| Poder opinar críticamente sobre a sociedade actual e relacionala ca produción artística. | AM5 AM6 AM7 AM9 AI3 | BM1 BP1 BP2 BP3 BP7 | CM1 CM2 CM3 |
| Poder establecer nexos entre periodos temporales e culturas diversas | | BP1 BP2 BP3 BP4 | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| O libro desde a Antigüidade á Idade Media | 1. A orixe da escritura. 2. Dos rolos ao códice. 3. Características, soportes, técnicas. 4. O scriptorium medieval 5. As bibliotecas. |
| A edición | 1. Tipos de edición. 2. Introducción á crítica textual. |
| O libro na época da imprenta | 1. A Imprenta. 2. Convivencia do manuscrito e o impreso. 3. A imprenta en Europa. 4. imprenta en España. 5. Tipoloxía editorial. |
| O libro e a lectura no século XXI | 1. O cambio de paradigma. 2. O libro electrónico. 3. A edición dixital / a edición dixital académica. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 B10 C1 C2 C3 | 1 | 2 | 3 |
| Sesión maxistral | A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 B10 C1 C2 C3 | 6 | 10 | 16 |
| Lecturas | A1 A5 A14 B4 B6 B1 C5 C6 C9 | 2 | 10 | 12 |
| Proba mixta | A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8 | 2 | 10 | 12 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8 | 4 | 2 | 6 |
| Obradoiro | A1 A5 A14 A9 B4 B5 B6 B7 B1 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C8 | 12 | 10 | 22 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------------------------|--|
| Actividades iniciais | Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte a materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado. |
| Sesión maxistral | Nestas sesións daránse as claves teóricas e describiránse conceptos básicos para fixar as nocións fundamentais que se precisan para o desenvolvemento do resto das metodoloxías de aprendizaxe. |
| Lecturas | A través das lecturas os alumnos descubrirán perspectivas diferentes do obxecto de estudo, e ampliarán os coñecementos obtidos na aula. |
| Proba mixta | Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo (proba teórico-práctica). Requerirase, ademais, que alcance un nivel de expresión acorde co dun posgrao universitario. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Aproveitaranse os recursos e actividades dispoñibles. Así, os alumnos visitarán o Arquivo do Reino de Galicia co obxectivo de achegalos de modo directo e práctico á materialidade do libro e ao sistema de catalogación e arquivo. |
| Obradoiro | O obradoiro consta dunha serie de exercicios prácticos diversos nos que se persigue o dominio da disciplina mediante a práctica e a metodoloxía. Os alumnos farán comentarios, manipularán textos, farán exposicións e articulacións de ideas conrecreación intelectual dos contextos históricos e situacións comunicativas, agás da reflexión estética e a contextualización socio-histórica. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|---|
| Obradoiro | O estudante poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada das profesoras, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca pode suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. As profesoras estarán dispoñibles no su horario semanal de tutorías, e, ademais, por correo electrónico o previa cita por Teams. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|---------------------------------------|---|---|---------------|
| Proba mixta | A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8 | En cada unha das oportunidades (final de cuatrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta. | 50 |
| Sesión maxistral | A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 B10 C1 C2 C3 | Valorarase a participación activa nas sesións. | 10 |
| Obradoiro | A1 A5 A14 A9 B4 B5 B6 B7 B1 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C8 | Se valorará a participación y el desarrollo satisfactorio de las actividades propuestas en el aula y las asignadas para realizar fuera del aula. | 25 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8 | Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo ou científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lle ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistrais e nos obradoiros. Deberán presentar un resumo completo e cabal da exposición no que demostren non só que asistiron ao seminario senon que foron quen de segui-lo de maneira comprensiva. | 15 |

Observacións avaliación



Na sesión maxistral esíxese unha resposta activa, participando nos coloquios e debates que se propoñan nas mesmas.

Considerarase como ?non presentado? o alumno que non entregue as probas de ensaio ou non realice a proba mixta. Terase en conta a situación particular dos alumnos con dispensa académica nas dúas convocatorias, dando un tratamento particularizado a cada caso. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 60% da "Proba mixta" e 40 % de outras actividades que reemplazarán o resto de instrumentos de avaliación presencias. O alumnado que teña dificultades para asistir ás sesións presenciais (incompatibilidade horaria ou outras causas xustificadas) deberá comunicalo ás profesoras antes de que comecen as aulas ou durante a primeira sesión. Unha vez comprobada a súa situación, poderá optar ás mesmas condicións de avaliación que o alumnado con dispensa académica.

Convocatoria

adelantada de decembro: O sistema de avaliación será o mesmo que para as persoas con dispensa académica. O/A estudante deberá pórse en contacto coa profesora no mes de outubro. A orixinalidade da investigación considérase sustancial e poderá ser contrastada mediante o programa de detección de plaxios que suscribiu a UDC. Calquera indicio de plaxio suporá a cualificación de 0.A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo ha ser a que corresponde a unha titulación de posgrao (non só se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garden relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel ten elaborado sen axuda externa.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - BÁEZ, Fernando (2005). Historia universal de la destrucción de los libros: de las tablillas sumerias a la guerra de Irak. Buenos Aires: Sudamericana - BURKE, Peter (2002). Historia social del conocimiento: de Gutenberg a Diderot. Buenos Aires: Paidós - CAVALLO, Guglielmo y Roger CHARTIER(dirs.) (2011). Historia de la lectura en el mundo occidental. Buenos Aires: Taurus - ESCOLAR, Hipólito (1987). Historia de las bibliotecas. Madrid: Fundación Germán Sanchez Ruipérez - LERNER, Fred (1999). Historia de las bibliotecas del mundo: desde la invención de la escritura hasta la era de la computación. Buenos Aires: Troquel - LYONS, Martyn (2012). Historia de la lectura y de la escritura en el mundo occidental. Buenos Aires, Ed. del Calderón - MARTINEZ DE SOUSA, José (1992). Pequeña historia del libro. Barcelona: Labor - MOLL, Jaime (2011). Problemas bibliográficos del libro del Siglo de Oro. Madrid: Arco/Libros - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (2011). La edición de textos. Madrid: Síntesis |
| Bibliografía complementaria | <p>BURKE, Peter (2002). Historia social del conocimiento: de Gutenberg a Diderot. Buenos Aires: Paidós. CAVALLO, Guglielmo y Roger CHARTIER (dirs.) (2012), Historia de la lectura en el mundo occidental. Buenos Aires: Taurus. MANGUEL, Alberto (1996). Una historia de la lectura, Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez-Alianza Editoria. MARTINEZ DE SOUSA, José (2004). Diccionario de bibliología y ciencias afines. Gijón: Trea. MOLL, Jaime (1994). De la imprenta al lector. Estudios sobre el libro español de los siglos XVI al XVIII. Madrid: Arco Libros. POLASTRON, Lucien X. (2007). Libros en llamas: historia de la interminable destrucción de las bibliotecas. México: Fondo de Cultura Económica. PEDRAZA, Manuel J. CLEMENTE, Yolanda y REYES, Fermín de los (2003). El libro antiguo. Madrid: Síntesis. TAGLE, Matilde (2007). Historia del libro. Textos e imágenes. Buenos Aires, Alfagrama.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos e Técnicas para a Elaboración e Presentación de Traballos de Investigación/613584104

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Recursos para a Investigación da Literatura/613584106

Materias que continúan o temario

Observacións



Entendese que o alumno dispón dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao; de calqueira maneira, recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficas, sintácticas ou doutro tipo) que as subsanen.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías